

## **Informe de satisfacción coa docencia realizado pola Comisión de Título**

(Comisión de Título 18/01/2017, aprobado na Comisión de Calidade 24/01/2016)

A participación do profesorado nas enquisas de satisfacción foi dun 47,92%, moi superior á do curso pasado (34%), sendo a valoración media da súa satisfacción coa docencia impartida dun 3,63 sobre 5 practicamente igual ao do curso pasado (3,61). Na análise da enquisa obsérvase que o ítem mellor valorado é a coordinación entre os distintos profesores dunha mesma materia (4,31) e o ítem que alcanza unha menor puntuación é o que se refire a se o nivel co que chega o alumnado é suficiente para afrontar os contidos das materias (3,28). Un valor que chama a atención é en relación á participación crítica e activa do alumnado nas clases (3,31) e á adecuada coordinación entre as distintas materias ou niveis do título (3,35). En canto ao primeiro, a comisión considera que este é un aspecto importante, no que poderían ter que ver tanto os alumnos como os profesores. En canto ao segundo, se ben, probablemente sexa necesario incrementar as accións de coordinación, nas accións feitas non se puxo de manifesto por parte do profesorado ningunha cuestión relevante. Asemade considérase que as tarefas de coordinación serán máis doadas e incluso máis eficaces, no momento en que acción de mellora relacionada coas guías docentes estea rematada. Tamén merece unha reflexión a puntuación de 3,40 alcanzada no apartado de recursos necesarios para a docencia dispoñibles no centro. A este respecto froito do proceso de renovación da acreditación se desenvolveu unha acción de mellora para a renovación de material docente que estaba obsoleto. Dita acción non foi suficiente para a renovación total do equipamento e daráselle continuidade no seguinte curso.

O alumnado participa no proceso de medida da súa satisfacción a través da realización de diferentes tipos de enquisas. Todo o alumnado do grao realiza una enquisa de satisfacción sobre a docencia recibida. Nesta enquisa a participación foi dun 30%. Aquel alumnado que fai as prácticas externas, no Grao en Óptica e Optometría “Prácticas Tuteladas”, realiza unha enquisa de satisfacción có programa de prácticas externas. Ademais, no curso 2015-2016 realizáronse enquisas propias nas seguintes materias: Optometría I, Optometría IV, Deontoloxía e Lexislación Optométrica, Clínica Optométrica I, II e III, e do Traballo Fin de Grao

A valoración global do alumnado coa docencia recibida é dun 3,82 sobre 5 practicamente igual que no curso 2014-2015. Analizando o informe das enquisas de satisfacción obsérvase que a puntuación máis alta acádase no ítem de cumprimento co programa e o plan de traballo previsto (4,22) mentres que as máis baixas corresponden ao ítem de propoñer actividades para favorecer á aprendizaxe autónoma (3,39) e ao ítem de favorecer que o/a alumno/a desenvolva a súa

capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións (3,53). Considérase relevante a análise destes dous últimos valores xunto coa percepción que ten o profesorado en relación á participación crítica e activa do alumnado nas clases (3,31).

Dentro do plan de estudos do Grao, as prácticas externas é unha materia obrigatoria (Prácticas Tuteladas), polo que o indicador IN22G-PC-09, que reflicte a porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas, debería ter un valor dun 100%. Segundo os datos facilitados pola Área de calidade da USC, este indicador ter un valor dun 82,46% isto é debido a que non se consideran os alumnos do curso ponte aos que se lles valida a materia de “Prácticas Tuteladas” por dous anos de exercicio profesional como Diplomados en Óptica e Optometría. As Prácticas Tuteladas realízanse ao amparo do convenio co Colexio de Ópticos de Galicia e con grupos de Ópticas a nivel nacional, o grao de satisfacción do alumnado co Programa de prácticas aumentou no curso 2015-2016 ata un 4,16 sobre 5. E necesario destacar que a participación nas enquisas de satisfacción é baixa, dun 16,92 %, pero que aumentou considerablemente con respecto ao curso pasado (10%). Tamén é salientable a puntuación dun 2,55 sobre 5 que os/as alumnos/as lle outorgan á duración das prácticas por consideralas demasiado curtas. A puntuación outorgada polo alumnado ao Programa de prácticas aumentou en todos os ítems da enquisa de satisfacción en relación ás enquisas do curso 2014-2015.

Os resultados das enquisas propias das materias obrigatorias mencionadas (Optometría I, Optometría IV, Clínica Optométrica I, II,III, e do Traballo Fin de Grao), os resultados son os seguintes:

Enquisas de Optometría I: No curso 2015-2016 responderon á enquisa un total de 33 alumnos, dos cales máis do 96% amósase bastante ou moi satisfeito coa materia e a maioría considera que é unha materia importante na súa formación e que debería ter máis hora de prácticas. Respecto a si existen solapamentos entre esta materia e outras do grao, na opinión do alumnado non hai uniformidade, case a mesma porcentaxe de alumnos considera que o solapamento é escaso coma o contrario.

Enquisas de Optometría IV: Responderon á enquisa 52 alumnos/as. Nesta materia a análise é practicamente á mesma que na materia Optometría I, recalcando que o 100% do alumnado considera que o número de hora de prácticas debería ser maior. Con respecto aos solapamentos con outras materias, as respostas amosan o mesmo resultado que en Optometría I.

A Comisión considera que as diferenzas entre opinións do alumnado respecto ao solapamento destas dúas materias pode deberse á ambigüidade da pregunta.

Enquisas do TFG: Dispoñemos de enquisas do alumnado que defendeu o seu TFG na oportunidade de xullo. A enquisa consta de 9 preguntas relacionadas co interese e coñecemento previo da materia por parte do alumnado, o proceso de asignación... En total, responderon á enquisa 28 alumnos. Máis do 90% do alumnado indica ter bastante interese na materia. O 67,9% considera que o sistema de asignación de traballo é acertado mentres que un 10,7% opina todo o contrario. En relación á elaboración do TFG, o 75% do alumnado desta convocatoria considera necesario que ao longo da titulación se realizasen traballos similares ao TFG nas distintas materias para que lles sirva de preparación e un 42,8% refire que tivo moitos problemas á hora de escribir correctamente as referencias bibliográficas no traballo. Neste sentido, a Facultade ven organizando obradoiros para o alumnado de TFG no que se lles explica como debe ser a estrutura da memoria do TFG, e a norma ISO de citas bibliográficas.

Nas enquisas da materia Deontoloxía e Lexislación Optométrica, máis do 45% do alumnado está bastante ou moi interesado na materia. Máis do 57% considera que a materia é importante para a súa titulación e de forma maioritaria consideran que o seu contido é suficiente para adquirir a información sobre a lexislación profesional. Nos dous ítems relativos ao interese do profesorado na materia e á facilidade para acceder ao profesorado, as valoracións tamén son moi positivas (81% e 61% de respostas bastante ou moito, respectivamente).

No caso das materias de Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III, segundo os resultados das enquisas propias para estas materias, adaptadas ás características das mesmas, e en xeral cuns resultados moi similares nos tres casos, obsérvase que a maior parte do alumnado considera que son materias de gran interese para súa formación, nas que consideran que tiveron unha evolución importante nas súas capacidades e habilidades clínicas, con porcentaxes de entre o 85 e o 95 % en todos os ítems relacionados con estes aspectos. Ademais, practicamente o 100% do alumnado considera determinante e imprescindible para a súa formación o manexo de pacientes, ao mesmo tempo que entre un 85% e un 90% consideran que o número de pacientes debería ser maior, así como que deberían abarcar mais grupos de diferentes tipoloxías. É importante salientar que a práctica clínica nestas materias permite a adquisición das competencias específicas establecidas para o Grao en Óptica e Optometría na *Orden CIN/727/2009, de 18 de marzo*, resaltando que a adquisición de ditas competencias está relacionada co número de prácticas clínicas sobre pacientes reais, prácticas que se imparten en un módulo de 5 alumnos/as por profesor. Así, como as prácticas destas materias teñen lugar no

Servizo de Optometría (SO) da USC, onde o/a alumno/a desenvolve de maneira supervisada actividade clínica propia da titulación sobre pacientes reais, é importante dicir que, de acordo co informe realizado pola directora do Servizo para o curso 2015/16, o número de pacientes vistos no SO na materia Clínica Optométrica I foi de 119 (materia de 4,5 créditos), na materia Clínica Optométrica II foi de 126 (materia de 4,5 créditos), e 239 en Clínica Optométrica III (materia de 6 créditos). Cabe tamén destacar, de acordo co resultado das enquisas de opinión sobre a calidade da atención recibida no SO, o alto grao de satisfacción dos pacientes do Servizo de Optometría coa mesma, cun 99,6 %, mostrando un alto grao de satisfacción coa atención recibida, sendo similar a porcentaxe que recomendaría o SO a outras persoas e que repetiría as súas revisións neste servizo. En canto á tipoloxía de pacientes vistos polo alumnado, da análise do portafolio de práctica clínica aplicado a estas materias, despréndese que un dos grupos de pacientes de menor presenza foron os menores de 12 anos. Cabe tamén destacar que, na análise dos resultados na materia Clínica Optométrica I, pódese apreciar que ao redor dun 50 % consideran que a práctica nas materias previas, como son Optometría I e Optometría II, non son suficientes para abordar nun primeiro momento as prácticas de clínica.